



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (20/11/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 20/11/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre participación no Plan Adicional 1/2025 (Plan único de concellos) para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 (Expediente núm. 2024/A008/000034)

O Pleno da Deputación con data 29.11.2024 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2025. Xunto co POS + 2025 regúlase simultaneamente o POS +Adicional 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

A cantidade asignada a este concello para os gastos sociais extraordinarios do 2025 é de 57.650,17 euros.

Propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS + Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais segundo de indica:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	883.125,00 €	496.072,59 €	387.052,41 €	57.650,17 €	329.402,24 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	883.125,00 €	496.072,59 €	387.052,441 €	57.650,17 €	329.402,24 €

Importes

I. Importe solicitado para gastos correntes	57.650,17 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	57.650,17 €

SEGUNDO.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Posto a votación, apróbase por unanimidade.

3º.- Acordo, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2025 (Expediente núm. 2024/T004/000001)

Ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real Decreto 500/1990.

Considerando a documentación que obra no expediente 2024/T004/000001 que contén o proxecto de orzamento do concello de Vedra para o exercicio 2025, propónse ao Pleno:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2025 por importe total de 5.950.685,00 euros de acordo co seguinte resumo por capítulos:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Estado de gastos

CAPÍTULO		IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.678.050,00 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	3.352.662,00 €
3	Gastos financeiros	29.500,00 €
4	Transferencias correntes	159.395,00 €
5	Fondo de continxencia	0,00 €
6	Investimentos reais	576.249,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	139.829,00 €
TOTAL		5.950.685,00 €

Estado de ingresos

CAPÍTULO		IMPORTE
1	Impostos directos	1.524.000,00 €
2	Impostos indirectos	60.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	817.953,90 €
4	Transferencias correntes	3.209.131,00 €
5	Ingresos patrimoniais	360,00 €
6	Alleamento de investimentos	0,00 €
7	Transferencias de capital	324.240,10 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL		5.950.685,00 €

Segundo: Aprobar as bases de execución que serán de aplicación á entidade local.

Terceiro: Aprobar os anexos e a documentación que se unen ao orzamento do ano 2025 de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e o cadro de persoal do concello de Vedra para o 2025 de acordo co seguinte:

Cód.	Denominación do posto	F/L	Dot	C.D	Clasificación del posto				Vacantes	Observacións
					ADM	Grupo	Escala	Subescala		
1000	Secretario/a-Interventor/a	F	1	30/26	AE	A1/A2	HN	Secretaría-Intervención	1	-
1001	Técnico/a de Admón. Xeral	F	1	25	AL	A1/A2	AX	Técnica	0	Promoción interna
1002	Técnico/a de Xestión	F	1	24/22	AL	A2/C1	AX	Xestión	0	Promoción interna
1002A	Técnico/a Local de Emprego e Servizos	F/L	1	24	AL	A2	AE	Técnica	0	-
1002B	Axente de Desenvolvemento local	F/L	1	24	AL	A2	AE	Técnica	0	-



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1004	Xefe Negociado Urbanismo	F	1	22	AL	C1	AX	Administrativa	0	.
1004A	Administrativo/a Informático/a	F	1	16	AL	C1	AE	Técnica	1	-
1005	Administrativo/a	F	1	18	AL	C1/C2	AX	Administrativa	0	Promoción interna
1005A	Administrativo/a	F	1	18	AL	C1/C2	AX	Administrativa	1	-
1005B	Administrativo/a	L	1	16	AL	III/IV	-	-	0	Promoción interna
1009	Limpador/a	L	1	10	AL	V	-	-	0	-
2002	Arquitecto/a Técnico/a	F	1	26	AL	A2	AE	Técnica	0	-
3002	Técnico/a Xestión Cultural e Actividades	L	1	22	AL	II	-	-	0	-
3004	Coordinador/a de Cultura	L	1	20	AL	III	-	-	0	-
3005	Administrativo/a Biblioteca e Arquivo	L	1	20	AL	III	-	-	0	-
4001	Traballador/a Social	F	1	26	AL	A2	AE	Técnica	0	-
4004	Educador/a Familiar	L	1	24	AL	II	-	-	0	-
4005	Administrativo/a	F	1	16	AL	C1/C2	AX	Administrativa	0	Promoción interna
4006	Monitor/a Ludoteca	L	2	14	AL	IV	-	-	0	-
5001	Encargado/a Obras e Servizos	L	1	14	AL	IV	-	-	0	-
5007	Condutor/a Operario/a (Encargado/a)	L	1	14	AL	IV	-	-	0	-
5007A	Condutor/a Recolledor/a Lixo	L	1	14	AL	IV	-	-	0	-
5007B	Condutor/a Operario/a de Maquinaria e Servizos	L	1	14	AL	V	-	-	0	-
5007C	Albanel Oficial 2ª	L	1	12	AL	V	-	-	0	-
5008	Operario/a RSU	L	1	12	AL	V	-	-	0	-
5008A	Operario/a Brigada Verde e Servizos Varios	L	2	12	AL	V	-	-	0	-
5008B	Operario/a Servizos Varios	L	1	14	AL	V	-	-	0	-
5008C	Conserxe e Servizos Múltiples	L	1	12	AL	V	-	-	0	-



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



6001	Encargado/a Protección Civil, mantemento de Espazos Naturais e Outros	L	1	14	AL	IV	-	-	0	-
------	---	---	---	----	----	----	---	---	---	---

A Presidencia afirma que non eran uns orzamentos fáciles de elaborar partindo dun criterio realista de ingresos e gastos. É moi axustado e a idea é executalo ao 100%. É un orzamento no que o equipo de goberno volve poñer ás persoas en primeiro lugar, porque o primeiro obxectivo é manter todos os servizos, axudas, tanto directas como indirectas.

Os seis millóns de euros é un orzamento inicial e é probable que a finais de ano supere os sete millóns, debido aos ingresos que conceden ao longo do ano que serán incorporados cando sexan oficiais, así como os ingresos do POS 2025.

Dentro dos gastos, no capítulo 2 (gastos correntes en bens e servizos) hai un incremento dun 10,46% producido por un maior custe dos servizos e un incremento xeral dos prezos.

No capítulo de débeda pública, aparece un dato que non existía nestes anos anteriores que é a amortización dos préstamos da Deputación. É o que se chama POS + 3. Cando foi a época da crise (2011-2013) a Deputación unha maneira que tiña de transferir cartos aos concellos era a través de préstamos para reducir débeda ou facer inversións financeiramente sostibles. Existía o acordo político entre PP, PSdeG-PSOE e BNG, para que chegado o momento non ter que devolver eses préstamos. En base a ese acordo foron dando anos de carencia. Aínda que o 80% dos concellos da provincia de A Coruña, de todos os partidos políticos, acudiron a esas liñas; houbo concellos que non o fixeron, co que sería inxusto condonalos. Por iso chegouse a un acordo por todos os grupos políticos para crear un fondo especial para o reparto cos criterios POS (12.000.000 €) para todos os concellos, a Vedra correspóndenlle 98.000 €, e o que fan é xa non transferilos e van reducindo a débeda. Aqueles concellos que non acudiran no seu momento a eses préstamos, teñen uns cartos a maiores. Esta liña non afecta nada ao POS que recibe o concello. A previsión do 2025 incluso é que a cantidade sexa maior. Por iso, nese apartado de amortización de débeda pública se meten os cartos que a Deputación destine a iso. O que é a amortización de préstamos de bancos e xuros de préstamo e póliza suman uns 66.000 €.

Seguindo analizando o capítulo de gastos, no que se refire a vías públicas, o grupo de goberno comprometeuse nesta lexislatura a reparar unha gran parte das pistas municipais, auméntanse considerablemente os fondos porque a idea é ter durante uns seis meses unha brigada específica para ir reparando as pistas. Vaise incrementar máis ao longo do ano porque no capítulo de investimentos que aparece unha partida duns 60.000 €, no POS 2025, gran parte do referido a inversións vano destinar a reparación de pistas municipais.

En sumidoiros non aparece investimentos, pero probablemente tamén medre ao longo do ano porque haberá un capítulo de investimentos destinado a sumidoiros no POS.

En canto ao abastecemento de auga, seguirán facendo ampliacións na medida do posible.

No que se refire á recollida do lixo, o concello recada arredor de 200.000 € e no capítulo de gastos vese que vai a 330.000 €. A taxa cobre o 60% dos custes, e o 40% restante cóbrese con fondos propios.

Respecto á iluminación pública, o ano pasado había uns 190.000 € de gastos, que era unha cifra pequena, e este ano vai a uns 143.000 €. A xestión que se fixo ao longo destes anos a través da ESE e da subvención do IDAE, dan estes resultados. Antes de toda esa inversión na iluminación pública, hai 4 ou 5 anos pagábase 200.000 € só de subministración eléctrica, a maiores había o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



mantemento, a reparación dos puntos de luz que se estragaban e había menos puntos de luz. Se non se tivese feito esa xestión, agora estariase pagando máis de 300.000 €. Agora mesmo hai unha iluminación eficiente, respectuosa co medio ambiente e un maior número de puntos. Neses 143.000 € está incluído o subministro, o mantemento e a garantía total. A variación no importe final é debida ao custe da enerxía que se revisa anualmente.

Por cuestións técnicas hai capítulos orzamentarios que desaparecen e eses cartos van a outros capítulos, como é o caso de incendios. Por outro lado creáronse algúns, como é o caso de parques e xardíns, para maior facilidade na xestión contable.

No tema do persoal, aínda que está repartido ao longo de todos os capítulos de gastos, no 2024 negociouse unha modificación da RPT acadándose un acordo para atender as reclamacións do persoal municipal e iso reflíctese nos orzamentos de 2025 porque a idea é que sexa efectivo dende xaneiro do 2025.

No capítulo de servizos sociais o esforzo que se está a facer é moi importante. Aí é onde está o gran desfasamento das contas municipais dun ano a outro.

No traballo realizado por empresas e profesionais, fundamentalmente referido a dous servizos como o SAF dependencia e a Escola Infantil Municipal, incrementase o capítulo en máis de 250.000 €. O SAF pasa de 800.000 € a 1.000.000 € e a EIM pasa de 180.000 € a 230.000 €. Isto afecta a todos os concellos de Galicia. Vedra é un dos concellos que máis horas de dependencia por habitante presta en Galicia. Tamén é o concello da comarca que máis cartos por habitante destina a subvencións, convenios, axudas, etcétera.

Obviamente o capítulo de gastos correntes e servizos, que supón case o 58% do orzamento, dispárase e afecta a outros capítulos como o de inversións. Hai dez anos non se destinaban 300.000 € de fondos propios a dependencia.

Intentarán acabar o ano nun 15/20% do orzamento no capítulo de inversións.

No que se refire ao fomento do emprego, quedan partidas como a Risga, o Aproz, que tan pronto como as concedan incorporaranse ao capítulo de ingresos e gastos. A cifra de paro no mes de novembro en Vedra é dun 5,7%.

No capítulo de investimentos aparecen 100.000 € para o centro de saúde. Non é que se vaian investir 100.000 €. O concello vai por o 20% do que se vai investir, que será arredor de 500.000 €.

Hai unha serie de capítulos nos que se segue apostando pola educación, pola cultura, polo deporte, etcétera.

En canto aos ingresos hai novidades, algunhas que non son do agrado do equipo de goberno, como é a subida dalgún imposto, pero que non tiveron máis remedio que facer.

Nas transferencias correntes do Estado hai unha baixada correspondente ao descenso dos 5.000 habitantes, que poden ser uns 130 ou 140.000 €.

Manter o que había no 2024 no ano 2025 supón un diferencial duns 300.000€. Non queren cargar iso en novos impostos, por iso se axustaron algúns capítulos e seguen pelexando para conseguir máis financiamento doutras administracións como a Xunta e a Deputación.

Os investimentos están arredor dos 600.000 €, sabendo que a finais de ano probablemente supere o millón de euros, porque falta todo o capítulo do POS 2025 que vai a inversión e que



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



traerá o grupo de goberno ao pleno de xaneiro. Todo isto con independencia daquelas inversións que se van facer no concello e que non constan no orzamento porque son financiadas integramente pola administración correspondente, como por exemplo a inversión de máis de 400.000 € do CEIP Ortigueira.

Son uns orzamentos equilibrados, realistas, que protexen as persoas e manteñen todos os servizos e axudas. Van intentar que o capítulo de inversións medre polo menos o dobre do que está reflectido nos orzamentos.

O Sr. Pose, do BNG, anuncia o voto en contra do seu grupo.

Di que ao grupo de goberno non lle gusta subir impostos, pero subíronos todos. Vedra ten un PXOM nefasto, un sistema de transporte patético, un centro de saúde en ruínas, recentemente decidiron non facer a miniresidencia e o centro de día, reformando o proxecto orixinal para metelo nun galpón, etcétera.

Os orzamentos non dedican 1 € a paliar o desastre do PXOM que a Presidencia prometera varias veces cambialo e modificalo, e mentres tanto as empresas e veciños de Vedra marchan para outros concellos e o polígono industrial esmorece.

É máis rendible vivir na Estrada, que sobe de poboación, e traballar en Santiago, ca vivir en Vedra e traballar en Santiago. En transporte público chégase antes a Santiago dende Arzúa ca dende Vedra.

Tampouco teñen un plan director de estradas. Invisten nelas ao chou.

Nun vídeo que circula polas redes, o Alcalde afirma que Vedra ten 5.000 habitantes (o que é falso) e que recicla o 95% de materia orgánica mediante a compostaxe; e por outro lado aumentaron en 3 anos 77.000 € a recollida do lixo. Hai datos que non cadran.

Respecto ao SAF, di que é unha cuestión biolóxica. A xente nova marcha para outros concellos e os veciños fanse maiores. Cre que os cartos do SAF son os mellores investidos.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia non aparece ningún euro este ano para o centro de saúde de Vedra, pero si para os doutros concellos.

Bota en falta unha partida orzamentaria para solucionar o problema da uralita na nave de ADIF, onde o concello celebra moitos actos públicos.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que os orzamentos tecnicamente son impecables, pero bota de menos unha iniciativa política para que non simplemente sexa unha continuidade de anos anteriores. Cre que Vedra e os seus veciños precisan darlle resposta ás súas necesidades

A Presidencia dixo que prioriza ás persoas, pero estas tamén precisan dun centro de saúde en condicións e no orzamento do 2023 quedaron 200.000€ que ao final se retiraron desa partida igual ca no 2024. Promete o arranxo do mesmo no 2025, do cal ten moitas dúbidas.

En canto ao abastecemento e o saneamento, seguen chegando a contagotas. É triste que haxa veciños de Vedra que teñan que beber auga embotellada porque non lles chega o abastecemento.

Na campaña electoral prometeran unha miniresidencia e un centro de día e tiveron que ir escoitar a Boqueixón que non se ía facer porque Vedra non tiña cartos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Entende que o SAF é moi necesario, pero se houbera unha miniresidencia e un centro de día ao mellor as horas do SAF serían menos e os veciños terían algúns problemas solucionados. A día de hoxe vivir en Vedra e conciliar cunha persoa maior dependente é moi difícil. Existe un proxecto, dun local que xa é propiedade municipal, que agora se vai compartir con Boqueixón para facer un suposto centro de día. Pensa que coa poboación envellecida que ten Vedra, é preciso algo máis.

É inxusto para os veciños pagar as subidas de taxas e que eses cartos se vaian destinar á débeda existente.

No orzamento do 2024 quedaba un superávit de 100.000 € coa promesa de reducir o remanente negativo, e nos orzamentos do 2025 xa non hai esa opción.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia respóndelle á voceira socialista que o remanente negativo verase se diminúe ou non cando teñan a liquidación do orzamento de 2024.

Respecto á subida de taxas, agora mesmo todos os concellos de España, respecto da taxa do lixo, están falando de cifras moi cuantiosas. En Vedra, a pesares da subida, só cobre o 60% do custe e non teñen pensado modificala, porque cre que o esforzo ten que ser repartido e é necesaria a subida porque senón sería insostible. Por iso se modificaron diferentes partidas e ao mesmo tempo reclaman máis financiamento por parte doutras administracións.

Nos orzamentos da Xunta do 2025 tampouco aparecen outras moitas obras que si se van facer.

No que se refire ao saneamento e abastecemento, cre que o grupo de goberno fixo un esforzo moi grande. Hoxe en día o 60% da poboación de Vedra pode acceder ao abastecemento, e cando chegaron eles ao goberno esa porcentaxe era dun 10%. Seguirán facendo un esforzo importante.

Por outro lado non cre que un centro de día diminúa as horas do SAF, pero pode non incrementalas. Facer esa obra de rehabilitación, que son case 700.000 € é un obxectivo da lexislatura e está convencido de que o van conseguir.

Respóndelle ao voceiro do BNG, que están pelexando por terminar a rehabilitación da nave da estación. Ten as súas dificultades técnicas e xurídicas pero xa teñen un proxecto e foron á Xunta para solicitar a axuda correspondente. Cando teñan a confirmación da axuda incluírana nos orzamentos.

Respecto ao comentario do vídeo, róggalle que o escoite ben. Cando fala do obxectivo da campaña de quilómetro 0, di que teñen o obxectivo de acadar un 95% de reciclaxe de materia orgánica con composteiros nas vivendas. A día de hoxe hai repartidos uns 500 composteiros.

Di que o BNG leva anos falando da marcha de veciños e empresas do concello. O problema da poboación en Galicia é outro. En Vedra, entre os anos 2018-2024, medraron as matrículas de infantil e primaria e en concellos como Ames e Teo baixaron. Eses concellos medran en poboación polas bolsas de migración. Soben de poboación aqueles concellos con grandes zonas urbanas e cunha importante bolsa de vivendas.

Cando apostan por políticas de conciliación fano para fixar as familias en Vedra.

Di que o problema do PXOM é que ampliar os núcleos rurais tal e como está configurado na Lei do solo de Galicia é imposible.



Respecto ao transporte público, un autobús cada quince minutos é imposible, pero non se pode negar que agora hai un transporte moito mellor do que había antes, xa que as liñas e frecuencias subiron un 300%.

O Sr. Pose, do BNG, replica que coñece decenas de persoas que marcharon de Vedra para A Estrada traballando en Santiago, e iso é porque o sistema de transporte público de Vedra non funciona. Tamén di que o problema do PXOM é responsabilidade do alcalde porque cando puido cambialo non o fixo.

A Presidencia responde que a modificación da lei que afecta ao PXOM é do 2010 e nesa época o PP non gobernaba en Vedra. Están facendo modificacións naquilo no que cren que poden mellorar.

A xente cando marcha de Vedra faino por moitos motivos diversos, ao igual que cando volve. É evidente que se pode mellorar o transporte público nalgúns temas como que non pare nas paradas porque vai cheo o autobús e quede xente en terra. Tamén é importante que as familias cambien os seus hábitos para usar o transporte e non o coche para desprazarse a Santiago. A configuración territorial de Vedra dificulta o uso do transporte público.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o local de San Mamede di que o seguinte paso, que é o fundamental, xa dedicaron unha partida orzamentaria para adquirir o material para poñelo en funcionamento, pero antes entende que deben ter unha xuntanza en xaneiro coa xente que mostrou interese nel para determinar un protocolo de uso e ver que material precisan para comezar a funcionar con el.

2º.- Respecto ao material do patio da escola de San Xián, di que os elementos xa están colocados e queda axardinalo para que se poida usar. Intentarán que sexa o máis pronto posible e en canto o tempo o permita.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a senda peonil que se ía facer en Outeiro (Vilanova), di que xa estiveron en contacto coa propietaria da parcela. En principio hai pechado un acordo para adquirila. A lei permite para unha infraestrutura pública aínda que sexa en terreo rústico segregado o anaco que sexa necesario para unilo á vía. Volverán reunirse coa canteira que é con quen teñen o compromiso de que eles investirán aí con material, persoal, etcétera, para poder facelo. Coincide un tramo de 200 metros do Camiño de Santiago onde os peregrinos teñen que camiñar por onde soben e baixan os camiións da canteira.

2º.- Respecto á pista de Sobredo (Vilanova) di que se lle adxudicou a Taboada & Ramos e que se fará tan pronto o tempo o permita.

3º.- Sobre a pista dos muíños en Raxoi (Vilanova) di que o arranxo vaino facer o concello pero non puideron facelo antes de Nadal. Farano cara marzo ou abril.

4º.- Respecto ás pistas de monte que quedaron sen limpar o ano anterior, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez que di que á volta das vacacións de Nadal comezarán outra vez.



5º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- En canto ao local de San Mamede, cre que os veciños da propia parroquia tamén queren utilizar algunha parte de abaixo e roga que se fale con eles.

2º.- Respecto á compostaxe, pregunta cando se van por composteiros nos núcleos urbanos e empresas e como vai ser a recollida deses residuos orgánicos. Recórdalle que o concello de Santiago para fomentar a compostaxe rebaixa as taxas para as persoas que teñen composteiros nas casas.

3º.- Pregunta se xa está asinado o convenio para o arranxo do centro de saúde.

4º.- Pregunta cal é o custo da iluminación de Nadal.

5º.- Outro dos grandes problemas do concello de Vedra é a vivenda. Na anterior lexislatura houbera unhas reunións onde falaban dalgunhas solucións. Solicita que se retomen esas reunións para revisar as posibles solucións ao tema da vivenda.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita unha explicación sobre un pagamento dun proceso de indemnización a Rosario Canicoba Castro por un despido improcedente en cumprimento dunha sentenza do Xulgado nº 1 de Santiago.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Hai prazas vacantes neste momento na Escola Infantil Municipal.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.